


8 DE MARZO

2021

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA

**O MEDO PARALIZA,
O ANARCOFEMINISMO
MOBILIZA**



DÍA INTERNACIONAL DE LA MUJER TRABAJADORA

EMAKUME LANGILEAREN NAZIOARTEKO EGUNA

DÍA INTERNACIONAL DE LA DONA TRABALLADORA

DÍA INTERNACIONAL DE LA MUJER TRABAJADORA



Confederación Xeral do Trabalho

rojoynegro.info

www.cgtgalicia.org

@CGT

Manolito Rastamán...2021

O MEDO PARALIZA, O ANARCOFEMINISMO MOBILIZA!

Unha vez máis, a patronal, a clase política e os sindicatos verticais uníronse para atentar contra a clase traballadora, invisibilizando e silenciando aínda máis as desigualdades que sufrimos as mulleres.

A recuperación paulatina da actividade nos servizos non esenciais, a estafa do permiso retribuído recuperable, o recoñecemento do tele-traballo como “medida de conciliación” e non como medida preventiva para evitar a exposición ao contaxio do covid 19, a omisión de permisos retribuídos para conciliar, as escasas medidas de protección nos centros de traballo e a perda de emprego que derivou en moitos casos na perda da vivenda, azoutaron con maior intensidade nos sectores feminizados e, en consecuencia, sobre as mulleres e as familias mono-parentales, someténdonos ao aumento de todas as fendas que sufrimos polo feito de ser muller e clase traballadora.

Aproveitando a pandemia o estado creou unhas medidas aínda máis represivas para nós. Mentres nos encarceran dentro das nosas casas, condenándonos á sobrecarga que supón asumir todos os coidados e paralizan as nosas vidas, obrígnannos a manter activo o sistema capitalista a través do tele-traballo. Vulneran os nosos dereitos conquistados (implantando ERTO, flexibilización total de horarios...) dando así continuidade á aspiración eterna da patronal que aos poucos vai conseguindo o seu propósito: traballadoras dispoñibles nun breve espazo de tempo, sen dereitos e sen protestas.

Nomear e dar visibilidade ás desigualdades que sufrimos é imprescindible para tomar consciencia cara a esa transformación por un mundo libre e igual.

Unha vez máis as mulleres autoorganizámonos para cubrir todas esas carencias que a clase política non quixo resarcir. Nós mesmas creamos redes de apoio para axudar ás persoas vulneradas, ás mulleres que se foron encerradas co seu maltratador e a todo ese gran sector feminizado que forma parte da economía mergullada que son esquecidas polos medios de comunicación e os estados.

A educación feminista e a autoorganización das mulleres son as nosas principais ferramentas.

Somos anarcofeministas, queremos un mundo novo, pero non esta nova normalidade.

Por iso, chamamos á revolución, para, xuntas, destruír a sociedade machista e hetero-patriarcal que nos abafa e esmaga e que busca a desintegración da nosa forza feminista.

Por un mundo no que a igualdade non sexa unha utopía, senón esa realidade que as mulleres libres loitamos por construír.